

# CS Enerxías renovables

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
	Perfil profesional	Duración
		<b>2.000 horas</b>

Que se aprende a facer? Efectuar a coordinación da montaxe, a posta en servizo, a xestión da operación e o mantemento de parques e instalacións de enerxía eólica, así como promover instalacións, desenvolver proxectos e xestionar e realizar a montaxe e o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas, e tamén xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento, e realizar a operación e o mantemento de primeiro nivel en subestacións eléctricas.

En que ámbitos se traballa? En empresas dedicadas a realizar a promoción, a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións de enerxías eólicas e solares fotovoltaicas para a produción de enerxía eléctrica, así como en empresas relacionadas coa xeración, o transporte e a distribución de enerxía eléctrica, ou que posúan instalacións de alta tensión, e tamén en empresas industriais que realicen traballos de montaxe e mantemento de subestacións eléctricas.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a de xestión de operación e mantemento en instalacións eólicas, responsable de montaxe de parques eólicos, responsable de montaxe de aerogeradores, especialista montador/ora de aerogeradores, especialista en mantemento de parques eólicos, promotor/ora de instalacións solares, proxectista de instalacións solares fotovoltaicas, responsable de montaxe de instalacións solares fotovoltaicas, responsable de mantemento de instalacións solares fotovoltaicas, responsable de explotación e mantemento de pequenas centrais solares fotovoltaicas, montador/ora operador/ora de instalacións solares fotovoltaicas, encargado/a de montaxe de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas, encargado/a de mantemento de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas, operador/ora mantedor/ora de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0681	<b>Configuración de instalacións solares fotovoltaicas</b>	107
1º	MP0687	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0671	<b>Prevención de riscos eléctricos</b>	52
1º	MP0680	Sistemas de enerxías renovables	160
1º	MP0668	Sistemas eléctricos en centrais	160
1º	MP0669	<b>Subestacións eléctricas</b>	187
1º	MP0670	<b>Telecontrol e automatismos</b>	187
2º	MP0688	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0689	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0684	<b>Operación e mantemento de parques eólicos</b>	193
2º	MP0686	Proxecto de enerxías renovables	26
2º	MP0682	<b>Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas</b>	192
2º	MP0683	<b>Xestión da montaxe de parques eólicos</b>	192

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico superior en Enerxías Renovables

Que unidades de competencia se acreditan? | A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0669 Subestacións eléctricas. MP0670 Telecontrol e automatismos.	UC1531_3 Xestionar e supervisar a montaxe de subestacións eléctricas.  UC1532_3 Xestionar e supervisar a operación e o mantemento de subestacións eléctricas.  UC1533_2 Operar localmente e realizar o mantemento de primeiro nivel en subestacións eléctricas.
MP0670 Telecontrol e automatismos. MP0682 Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.	UC0844_3 Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.  UC0845_3 Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.
MP0671 Prevención de riscos eléctricos.	UC1530_2 Previr riscos en instalacións eléctricas de alta tensión.  UC1531_3 Xestionar e supervisar a montaxe de subestacións eléctricas.
MP0681 Configuración de instalacións solares fotovoltaicas.	UC0842_3 Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares.  UC0843_3 Desenvolver proxectos de instalacións solares fotovoltaicas.
MP0682 Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.	UC0844_3 Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.  UC0845_3 Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.
MP0683 Xestión da montaxe de parques eólicos.	UC0615_3 Desenvolver proxectos de montaxe de instalacións de enerxía eólica.  UC0618_2 Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos.  UC0619_2 Montar e manter instalacións de enerxía eólica.
MP0684 Operación e mantemento de parques eólicos.	UC0616_3 Xestionar a posta en servizo e a operación de instalacións de enerxía eólica.  UC0617_3 Xestionar o mantemento de instalacións de enerxía eólica.  UC0618_2 Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas		Módulos profesionais validables	
UC1531_3	Xestionar e supervisar a montaxe de subestacións eléctricas.	MP0669	Subestacións eléctricas.
UC1532_3	Xestionar e supervisar a operación e o mantemento de subestacións eléctricas.	MP0670	Telecontrol e automatismos.
UC1533_2	Operar localmente e realizar o mantemento de primeiro nivel en subestacións eléctricas.		
UC1530_2	Previr riscos en instalacións eléctricas de alta tensión.	MP0671	Prevención de riscos eléctricos.
UC1531_3	Xestionar e supervisar a montaxe de subestacións eléctricas.		
UC0842_3	Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares.	MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas.
UC0843_3	Desenvolver proxectos de instalacións solares fotovoltaicas.		
UC0844_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.	MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.
UC0845_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.		
UC0615_3	Desenvolver proxectos de montaxe de instalacións de enerxía eólica.	MP0683	Xestión da montaxe de parques eólicos.
UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos.		
UC0619_2	Montar e manter instalacións de enerxía eólica.		
UC0616_3	Xestionar a posta en servizo e a operación de instalacións de enerxía eólica.	MP0684	Operación e mantemento de parques eólicos.
UC0617_3	Xestionar o mantemento de instalacións de enerxía eólica.		
UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos.		